



LECER EDUCATIVO E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL

CCOO NON AVALARÁ RENUNCIAS NO CONVENIO COLECTIVO CON CCOO LOITAS, CON CCOO AVANZAS

O pasado 28 de novembro tivo lugar a primeira reunión negociadora do III Convenio Colectivo de Lecer Educativo e Animación Sociocultural, tras a constitución da Mesa, que se realizou unhas semanas antes.

Nun contexto económico de recuperación dos datos macroeconómicos, as traballadoras e traballadores do sector merecen que o esforzo que realizaron durante os anos de crise económica empezou a ser compensado no convenio que recentemente se empezou a negociar.

A precarización do traballo instalouse nun sector no que a parcialización da xornada laboral e os baixos salarios acabaron normalizándose. Con todo, desde **CCOO**, como sindicato máis representativo do sector, non estamos dispostos a aceptar esta situación e por iso centraremos os nosos esforzos en mellorar as actuais condicións laborais, de maneira que permitan dignificar as tarefas que veñen desenvolvendo miles e miles de profesionais do sector.

A mellora da xornada de traballo e a recuperación do poder adquisitivo marcarán as nosas liñas de actuación. Nesa reunión, **CCOO** manifestou os puntos prioritarios na negociación, dando traslado, en liñas xerais, das seguintes materias a abordar:

- Subidas salariais con recuperación do IPC.
- Creación de plus transporte e plus de permanencia.
- Xornada laboral con diminución de horas en xornadas completas e compensación para as xornadas parciais.
- Melloras en materia de permisos e conciliación.
- Estudo e modificación nos grupos profesionais.

As patronais unicamente manifestaron a súa intención de incluír en convenio unha inaplicación salarial para aquelas traballadoras e traballadores suxeitos a pregos vixentes á firma do convenio e polos anos que así continuasen.

A resposta non se fixo esperar: CCOO NON avalará coa súa sinatura renuncias desa magnitude.

Santiago de Compostela

Rúa Miguel Ferro Caaveiro, 8 1º andar
CP 15707
Telf. 981 551 826
ensino.stgo@galicia.ccoo.es

A Coruña

Avda. Alfonso Molina, km 2, 3º andar
CP 15008
Telf. 981 145 895
scensino.coru@galicia.ccoo.es

Ferrol

Rúa María 42-44
CP 15402
Telf. 981 369 336
scensino.ferrol@galicia.ccoo.es

Lugo

Rolda da Muralla 58, 4º andar
CP 27002
Telf. 982 221 060
scensino.lugo@galicia.ccoo.es

Ourense

Parque San Lázaro 12, 3º andar
CP 32300
Telf. 988 392 256
scensino.oure@galicia.ccoo.es

Pontevedra

Rúa Pasantería 1, 2º andar
CP 36002
Telf. 986 866 276
scensino.pont@galicia.ccoo.es

Vigo

Rúa das Teixugueiras 11 entrechán
CP 36212
Telf. 986 246 847
scensino.vigo@galicia.ccoo.es

O Barco

Praza do Concello 2, 1º andar
CP 32300
Telf. 988 392 256
scensino.oure@galicia.ccoo.es

